

As condicións meteorolóxicas do Océano, 2006 Vídeo, 3 min
Beatriz Mouriño e Denise McGillicuddy
(Woods Hole Oceanographic Institution, EUA) Departamento de Ecoloxía e Bioloxía
Animal Universidade de Vigo

Dende o espazo, a superficie do océano aparece como unha sucesión de elevacións e depresións, detectables malia que representan unicamente uns poucos centímetros. Estas pequenas perturbacións do nivel do mar correspóndense con remuíños, que poden cubrir varios centos de quilómetros, e que no hemisferio Norte xiran en sentido horario (anticiclóns) ou anti-horario (cyclóns), en función da temperatura da auga que conteñen no seu centro. Equivalentes aos sistemas de altas e baixas presións que se observan na atmosfera, constitúen as propiedades meteorolóxicas do océano e interveñen no transporte de numerosas propiedades físicas, químicas e biolóxicas. O vídeo mostra unha intensa actividade de remuíños ciclónicos e anticiclónicos no Mar dos Sargazos (Atlántico non subtropical), que, por estar no hemisferio norte, se desprazan cara ao oeste. [B.M.]